

Fixado no Taboleiro de Edictos

o día 4 de agosto de 2025

Retirado o día ____ de ____ de 20 ____



ACTA DA 1ª SESIÓN DO TRIBUNAL PARA A SELECCIÓN POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, DE DÚA PERSOAS DESEMPREGADAS PARA OCUPAR OS POSTO DE CONDUCTOR/A-MOTOBOMBISTA (GC8) PARA O CONCELLO DE TEO.

Sendo as 12:00 horas do día 04/08/2025 reúnense as persoas que de seguido se relacionan para a constitución do tribunal e valoración de méritos para a selección de dúas persoas desempregadas para ocupar o posto de conductor/a-motobombista para o Concello de Teo.

Presidente:

D. Jesús Naveira Vázquez, xefe de servizos xerais do Concello de Teo

Vogal:

D. Luis Javier Castro Martínez, arquitecto técnico do Concello de Teo

Secretaria:

D^a. Carmen Vidal González, administrativa do Concello de Teo.

Dáse conta do contido da base sexta, das que rexen a convocatoria, referida ao procedemento de selección, concretamente no referido á fase de oposición. Segundo a citada base o "proceso de selección desenvolverase en dúas fases:

- Fase de concurso: 15 puntos

Na fase de concurso serán valorados polo Tribunal os méritos achegados e xustificados polos/as aspirantes, aplicando a valoración que se recolle no anexo I destas bases.

- Fase de oposición: 25 puntos

Esta fase consistirá na realización dunha proba práctica, obrigatoria e eliminatória, que terá relación co posto a desempeñar e coas tarefas que se executan de xeito

cotiá no posto de traballo ofertado. A finalidade da mesma é que as persoas aspirantes amosen, nun tempo máximo de 30 minutos, a súa destreza na realización das tarefas habituais desempeñadas polos/as conductores/as-motobombistas durante un operativo de incendio forestal. A puntuación máxima deste apartado é de 25,00 puntos e para entendelo superado haberá que acadar unha puntuación mínima de 12,50 puntos.

De producirse empate na puntuación final, dirimirase a favor da/s persoa/s aspirante/s que acade/n maior puntuación na fase de oposición e, de persistir o empate, a favor da/s persoa/s con maior tempo en situación de desemprego que se acreditará co informe de situación de desemprego expedido polo Servizo Público de Emprego.

A nota da fase de oposición de cada aspirante será a resultante da media de todas as puntuacións outorgadas por cada membro do tribunal con voz e voto.

O tribunal procederá a cualificación das persoas aspirantes, axustándose ao establecido nas presentes bases, procedendo á publicación, no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello, da relación de aspirantes presentados/as coa puntuación obtida, elevando á Alcaldía a correspondente proposta de contratación a favor das dúas persoas candidatas que obtiveran a maior puntuación total.

Publicada a referida lista, as persoas interesadas poderán presentar reclamacións no prazo máximo de dous (2) días dende tal publicación.

Se algunha das persoas candidatas inicialmente propostas renunciase á contratación ou non puidese acreditar os requisitos necesarios, a contratación realizarase coa persoa que acadase a seguinte maior puntuación e así sucesivamente.

Se durante o tempo de vixencia do contrato algunha das persoas seleccionadas decide rescindir o mesmo, a contratación, polos meses restantes, realizarase coa persoa que acadase a seguinte maior puntuación e así sucesivamente”.

A continuación procédese a iniciar a **fase de concurso**

Examinados os méritos alegados polo aspirante as puntuacións obtidas son as que a continuación se relacionan:

APELIDOS	NOME	DNI / NIE	EXPERIENCIA PROFESIONAL	FORMACIÓN	TOTAL
IGLESIAS LÓPEZ	MARTIÑO	***4703**	2,60	0,70	3,30

De acordo co exposto e segundo o previsto nas bases das que rexen a convocatoria, o Tribunal acorda:

Primeiro.- Realizar a proba práctica o mércores 6 de agosto as 16:30 horas na nave de Protección Civil sita no lugar de Lucí, nº 58 da parroquia de Lucí.

Segundo.- Nomear asesor do tribunal para a elaboración da proba práctica a Julio Golán Míguez, xefe do Servizo Municipal de Emerxencias.

Sendo as 13 horas do día indicado, dáse por rematado o acto, estendéndose a presente acta, que asinan todos os membros do tribunal, do que dou fe.

Presidenta Jesús Naveira Vázquez	Vogal Luis Javier Castro Martínez
Secretaria Carmen Vidal González	

